



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)
Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 2086 /2011

Visto o expediente de contratación tramitado para a execución da obra "Campo de fútbol de herba artificial", aprobado por Resolución do Alcalde nº 1362/2011, de 16 de maio.

Realizado o acto de apertura dos sobres A nas sesións de datas 22, 27, 29 de xuño de 2011 e 22 de xullo de 2011.

Visto que a secretaria titular do Concello, Da. Raquel Bahillo Varela, atópase de vacacións.

Considerando as competencias que en materia de contratación atribúe ó Alcalde a lexislación vixente, concretamente a DA 2ª da LCSP e posto que o contrato non terá unha duración superior ós catro anos e o seu importe non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000,00 de euros, e vista a resolución nº 1990/2011, pola que se nomea alcalde en funcións a don Xosé Bieito González Domínguez.

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar aos membros que a continuación se relacionan da Mesa de Contratación encargada de valorar as propostas presentadas polos licitadores participantes no procedemento de contratación da obra "Campo de fútbol de herba artificial" para o vindeiro día 22 de agosto de 2011, ás 10:30 horas, na Sala de Xuntas do Concello aos efectos de proceder á apertura do sobre C, denominado oferta económica, coa seguinte composición da Mesa de Contratación:

Presidente: Rafael García Guerrero.

Vogais: Secretaria accidental da Corporación: Da. Alba Vázquez de la Serna.
Interventora da Corporación: María López Docampo.
Arquitecto técnico: José Ventura Fernández Sarasquete.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da corporación: José Manuel Rodríguez Anido.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro.- Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Noia, 9 de agosto de 2011.
O alcalde en funcións.

Asdo. Xosé Bieito González Domínguez



Ante min,
A secretaria accidental.

Asdo. Alba Vázquez de la Serna